



CIRCULAR INFORMATIVA 8/2022

1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT 2022: O DÍA 10 DE XUÑO

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 05.05.2022, acordou fixar como data para celebrar a festividade de San Raimundo de Peñafort o vindeiro **venres, 10 de xuño de 2022**.

A seguir adiantámosvos un **programa provisional** cos actos previstos:

- 18.00 h Misa (lugar por determinar), que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
 - ❖ Entrega do **XII Premio de Dereitos Humanos**
 - ❖ Entrega de **diplomas** aos letrados e letradas que cumpren **25 anos de exercicio** profesional
 - ❖ Entrega de **diploma a D. Jesús Maroño Barreiro** (col. núm. 345), en recoñecemento aos máis de 65 anos de exercicio profesional
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile no Gran Hotel Los Abetos

Nunha próxima circular informaremos do programa definitivo.

2. REUNIÓN TERRITORIAL DA MUTUALIDADE, PREVIA Á ASEMBLEA XERAL

A Xunta de Goberno, na sesión do pasado 05.05.2022, tomou o acordo de **convocar a asemblea territorial**, previa á asemblea xeral que terá lugar en Madrid o 11.06.2022, **para o vindeiro 25 de maio, ás 13.30 h, no salón de actos do ICA Santiago**.

Día: mércores, 25 de maio

Hora: 13.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

A documentación referente á asemblea xeral estará a disposición de todos e todas as mutualistas na secretaría técnica do colexio.